

Proxecto de Decreto/2021, do .. de, polo que se crea a Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia, e se modifica o Decreto 177/2000, de 22 de xuño, polo lo que se regula a creación e autorización dos comités de Ética Asistencial.

No ano 1976, na súa resolución 613, a Asamblea Parlamentaria do Consello de Europa declarou que estaba *"convencida de que o que os enfermos terminais queren é, principalmente, morrer en paz e dignidade, co apoio e a compañía, se é posible, da súa familia e amigos"*. A Recomendación 779 engadiu que *"prolongar a vida non debe ser, en si mesmo, o fin exclusivo da práctica médica, que debe preocuparse igualmente polo alivio do sufrimento"*.

Máis tarde, a Convención Europea para a Protección dos Dereitos Humanos e a Dignidade do Ser Humano, en relación coa Aplicación da Bioloxía e a Medicina (Oviedo, 4 de abril de 1997), sentou principios importantes afirmado o camiño, mesmo cando non se refería explicitamente ás necesidades específicas das persoas enfermas terminais ou moribundas. A obriga de respectar e protexer a dignidade destas persoas deriva da inviolabilidade da dignidade humana en todas as etapas de la vida. O respecto e protección atopa a súa expresión en proporcionar un medio adecuado que permita ao ser humano morrer con dignidade. Esta tarefa debe levarse a cabo especialmente en beneficio dos membros máis vulnerables da sociedade, tal e como demostran moitas experiencias de sufrimento do presente e do pasado máis próximo. Do mesmo xeito que o ser humano comeza a súa vida na debilidade e a dependencia, necesita protección e apoio ao morrer.

A Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa aprobou o 25 de xuño de 1999 a Recomendación 1418/1999, sobre protección das persoas enfermas na etapa final da súa vida. O texto avoga pola definición dos coidados paliativos como un dereito subxectivo e unha prestación máis da asistencia sanitaria.

No que á Comunidade Autónoma de Galicia se refire, como xa indicaba a Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, é unha evidencia que a morte constitúe a única certeza que temos os seres humanos desde o momento mesmo en que nacemos, e, dada a evolución da nosa sociedade, vense producindo unha participación cada vez maior do sistema sanitario no proceso de morrer, malia que non sempre da maneira máis acaída. Recoñecer a naturalidade da morte e procurar a paz ao final da vida deben entenderse como elementos do noso patrimonio institucional e debemos enraizalos no código ético da organización sanitaria galega.

Por tal motivo, a nosa Comunidade Autónoma xa tiña incorporado ao seu ordenamento xurídico unha norma con rango de lei, que ten por obxecto o respecto á calidade de vida e á dignidade das persoas enfermas terminais, e o recoñecemento explícito dos seus dereitos, deberes e garantías.

Posteriormente, e con carácter básico, o Estado ditou a Lei Orgánica 3/2021, de 24 de marzo, de regulación da eutanasia, que recoñece a toda persoa que cumpra as condicións esixidas o dereito a solicitar e recibir a axuda necesaria para morrer, o procedemento que debe seguirse e as garantías a observar.

Así mesmo, determina os deberes do persoal sanitario que atenda a esas persoas, definindo o seu marco de actuación, e regula as obrigas das administracións e institucións atinxidas para asegurar o correcto exercicio do dereito recoñecido na citada lei orgánica.

A lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, no seu artigo 17, determina que existirá unha Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia en cada unha das Comunidades Autónomas, así como nas Cidades de Ceuta e Melilla. A composición de cada unha delas terá carácter multidisciplinar e deberá contar cun número mínimo de sete membros, entre os que se incluírán persoal médico, de enfermaría e xuristas.

Ditas comisións, que terán a natureza de órgano administrativo, crearanse polos respectivos gobernos autonómicos, quen determinarán o seu réxime xurídico.

Ademais, a citada norma determina que cada Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia deberá crearse e constituírse no prazo de tres meses a contar desde a entrada en vigor do citado artigo 17, que tivo lugar o 26 de marzo de 2021.

Por tal motivo, procede dar cumprimento ao disposto pola norma básica estatal, creando e constituíndo a Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia, como órgano administrativo.

Por outra banda, a Disposición Final segunda da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais, determinaba a necesidade do establecemento de novas funcións dos comités de ética asistencial regulados polo Decreto 177/2000, do 22 de xuño.

O obxecto desa nova atribución de funcións a estes comités sería o posibilitar o asesoramento e a emisión de informes *“sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica que se produzan nos centros e institucións sanitarias, a fin de garantir os dereitos das persoas enfermas terminais, así como os dereitos e deberes das e dos profesionais que as atendan, de acordo co establecido na súa respectiva lexislación específica. Neste sentido, poderán asesorar e propoñer alternativas ou solucións éticas naquelas decisións clínicas controvertidas, no caso de discrepancia entre as e os profesionais sanitarios e as persoas enfermas terminais ou, no seu caso, con aquelas persoas que exerzan os seus dereitos, ou entre estas e as institucións sanitarias, en relación coa atención sanitaria prestada a ditas persoas enfermas terminais, que non se resolvesen mediante acordo entre as partes”*.

Por tal motivo, a entrada en vigor da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, constitúe tamén unha oportunidade de abordar este cambio, e establecer a oportuna coordinación entre o novo órgano administrativo e os comités de ética preexistentes.

Neste contexto normativo, procédese á creación da Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia, coas funcións recollidas no artigo 18 da referida Lei Orgánica 3/2021, así como á modificación do Decreto 177/2000, do 22 de xuño, polo que se regula a creación e a autorización dos comités de ética asistencial.

Na súa virtude, a proposta do conselleiro de Sanidade, e previa deliberación do Consello de la Xunta de Galicia na súa reunión do día

DISPOÑO:

Primeiro.- Creación da Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia.

Un. Creación da Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Por medio da presente disposición procédese á creación da "Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia".
2. A comisión configúrase, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia, como órgano administrativo multidisciplinar adscrito á consellería competente en materia de sanidade a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
3. A comisión deberá dispoñer dun regulamento interno, que será elaborado pola propia comisión e autorizado pola consellería competente en materia de sanidade.

Dous. Natureza e réxime xurídico.

- 1.A Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia, ten a natureza xurídica de órgano administrativo colexiado de ámbito autonómico e carácter multidisciplinar.
2. O seu regulamento interno será aprobado por resolución da Consellería de Sanidade.
3. Como tal, resultaralle de aplicación o previsto no seu regulamento interno, así como as normas contidas no Capítulo segundo do Título I da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na sección 3ª do Capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no que atinxe ás regras de funcionamento dos órganos colexiados.

Tres. Funcións da Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Son funcións da Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia as seguintes:
 - a) Resolver no prazo máximo de vinte días naturais as reclamacións que formulen as persoas ás que o/a médico/a responsable denegase a súa solicitude de prestación de axuda para morrer, así como dirimir os conflitos de intereses que poidan suscitarse segundo o previsto no artigo 14 da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia.

Tamén resolverá no prazo de vinte días naturais as reclamacións ás que se refire o apartado 3 do artigo 10 da citada lei orgánica 3/2021, sen que poidan participar na resolución das mesmas os membros designados inicialmente para verificar o cumprimento dos requisitos da solicitude.

Asi mesmo resolverá en igual prazo sobre as solicitudes pendentes de verificación e elevadas ao pleno por existir disparidade de criterios entre os membros designados que impida a formulación dun informe favorable ou desfavorable.

No caso de que a resolución sexa favorable á solicitude de prestación de axuda para morrer, a Comisión requirirá á dirección do centro para que no prazo máximo de sete días naturais facilite a prestación solicitada a través doutro/a médico do centro ou dun equipo externo de profesionais sanitarios.

O transcurso do prazo de vinte días naturais sen terse ditado resolución dará dereito ás persoas solicitantes a entender denegada a súa solicitude de prestación de axuda para morrer, quedando aberta a posibilidade de recurso ante la xurisdición contencioso-administrativa, que se tramitará polo procedemento previsto para a protección de dereitos fundamentais da persoa na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

b) Verificar no prazo máximo de dous meses se a prestación de axuda para morre se realizou de acordo cos procedementos previstos na lei.

Dita verificación realizarase con carácter xeral a partires dos datos recollidos no documento segundo. No obstante, en caso de dúbida, a Comisión poderá decidir por maioría simple levantar o anonimato e acudir á lectura do documento primeiro. Se, logo do levantamento do anonimato, a imparcialidade dalgún membro da Comisión se considerara afectada, este poderá retirarse voluntariamente ou ser recusado/a.

Asi mesmo, para realizar a citada verificación a Comisión poderá decidir por maioría simple solicitar ao/á médico/a responsable a información recollida na historia clínica do/a paciente que teña relación coa realización da prestación de axuda para morrer.

c) Detectar posibles problemas no cumprimento das obrigas previstas na lei, propoñendo, no seu caso, melloras concretas para a súa incorporación aos manuais de boas prácticas e protocolos.

d) Resolver dúbidas ou cuestións que poidan xurdir durante a aplicación da normativa específica servindo de órgano consultivo no seu ámbito territorial concreto.

e) Elaborar e facer público un informe anual de avaliación sobre a aplicación da lei no seu ámbito territorial concreto. Dito informe deberá remitirse á Consellería competente en materia de sanidade.

f) Aqueloutras que poidan atribuírle a Consellería competente en materia de sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.

Catro. Composición.

1. A Comisión de Garantías e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia estará composta por unha secretaría e 11 vogalías, correspondendo a un deles exercela presidencia.

2. As vogalías e as súas respectivas suplencias serán designadas pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde, coa seguinte distribución:

a) Cinco facultativos/as médicos especialistas entres os que existirá, al menos, un/unha internista, un/unha médico de atención primaria e un/unha psiquiatra. Un destes cinco profesionais poderá ser nomeado previa consulta ao Consello Galego de Colexio de Médicos

b) Tres profesionais do ámbito da enfermería. Un destes profesionais poderá ser nomeado previa consulta aos Colexios Oficiais de Enfermería en Galicia.

c) Tres vogais licenciados/as en dereito.

3. A Presidencia da comisión será exercida por un dos membros das 11 vogalías e será designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

4. A Secretaría da comisión será exercida por unha persoa, que deberá ter a condición de funcionaria de carreira ou persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, designada pola persoa titular da Presidencia da comisión.

5. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa xustificada, as persoas que ostenten as vogalías da comisión serán substituídas por quen designe a persoa titular da Presidencia da comisión. Ás persoas suplentes seranlle de aplicación os mesmos requisitos requiridos para as titulares.

6. Na composición da Comisión procurarase unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Cinco. Deber de segredo.

As persoas membros da Comisión virán obrigadas a gardar segredo sobre o contido das súas deliberacións e a protexer a confidencialidade dos datos persoais que, sobre profesionais sanitarios, pacientes, familiares e persoas achegadas, puidesen coñecer pola súa condición de membros da comisión.

Seis. Duración da designación.

A designación das persoas titulares da secretaría e das vogalías da Comisión, e as respectivas suplentes, realizarase para un período de tres anos, renovables por outros tres.

Sete. Presidencia

1. Son funcións da Presidencia:

a) Dirixir, promover e coordinar a actuación da Comisión.

b) Desempeñar a representación institucional da Comisión.

c) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias, así como a determinación da orde do día das sesións.

d) Convocar e presidir as sesións da Comisión, moderar o desenvolvemento dos debates, suspendelos por causas xustificadas e dirimir co seu voto os empates para os efectos de adopción de acordos.

e) Aprobar o calendario de reunións.

- f) Visar as actas e certificacións dos acordos da Comisión.
- g) Solicitar en nome da Comisión a colaboración que considere necesaria a institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións ou particulares, así como convidar a participar no pleno ou nas comisións que, de ser o caso, se poidan crear, a persoas expertas de recoñecida competencia nos asuntos de que se trate.
- h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente/a da Comisión.

Oito. Secretaría

1. Correspóndelle á Secretaría:

- a) Asistir ás sesións da Comisión con voz e sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia, así como as citacións ás persoas que a compoñen.
- c) Recibir os actos de comunicación entre a Comisión e as persoas que a compoñen, así como recibir e cursar as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións da Comisión.
- e) Expedir as certificacións das consultas, acordos aprobados ou, de ser o caso, ditames e informes emitidos, de conformidade co acordado pola Comisión.
- f) Custodiar e archivar as actas, resolucións, informes, ditames, propostas e documentación da Comisión.
- g) Elaborar unha memoria anual que recolla todas as actividades desenvolvidas pola Comisión, que deberá ser remitida á Presidencia da Comisión para a súa revisión e posterior aprobación polo pleno daquela.
- h) Cantas outras funcións sexan inherentes á condición da Secretaría.

Nove. Dereitos e deberes dos/as membros.

1. As persoas membros das comisións terán os seguintes dereitos:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de vinte e catro horas, a convocatoria da sesión e a orde do día, quedando ao seu dispor no mesmo prazo a información e documentación correspondente.
- b) Participar nos debates das sesións e emitir o seu voto, así como expresar o sentido do mesmo e os seus motivos, e formular votos particulares.
- c) Propoñer liñas de traballo.
- d) Formular rogos e preguntas.

e) Obter a información precisa para o cumprimento das súas funcións.

f) Outras funcións inherentes ao seu cargo e cometido.

2. Son deberes dos/as membros da comisión os seguintes:

a) Asistir ás sesións para as que fosen convocados/as e participar nos seus traballos.

b) Axustar a súa conduta ás normas contidas na norma de creación e no regulamento interno da Comisión, así como ás directrices e instrucións que, no seu desenvolvemento, acorde o pleno da comisión.

c) Gardar la debida reserva en relación coas actuacións e informacións que se traten na comisión.

d) Formular as propostas e emitir os informes necesarios para a resolución de solicitudes ou reclamacións concretas de pacientes que se teñan acollido aos mecanismos previstos na Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia.

Dez. Causas de cesamento.

1. Serán causas de cesamento dos/as membros da Comisión as seguintes:

a) O transcurso do prazo para o cal foron designadas.

a) A renuncia expresa presentada por escrito ante a Presidencia da Comisión.

b) A revogación da súa designación por causas sobrevidas, acordada pola dirección xeral con competencias en asistencia sanitaria por proposta da Comisión.

c) A perda da condición ou cargo en virtude do cal foi designado.

2. Cando algunha das persoas que compoñen a Comisión cese por algunha das causas indicadas anteriormente, designarase outra na forma establecida no apartado catro.

Once. Funcionamento.

1. A Comisión de Garantía e Avaliación da eutanasia na Comunidade Autónoma de Galicia funcionará en Pleno.

2. As comisión poderá nomear persoas asesoras que colaboren, na súa condición de expertas en áreas específicas de coñecemento e na incorporación da visión do paciente, entre outros, profesionais das institucións e entidades do sector público da asistencia sanitaria, persoas en representación de entidades de acción social do ámbito da saúde, profesionais de colectivos profesionais sanitarios e organizacións científicas, ou outros/as especialistas de recoñecido prestixio e traxectoria profesional. Na súa participación nas reunións da comisión, as persoas expertas disporán de voz pero non de voto.

Tamén se poderá pedir a colaboración dos Comités de Ética asistencial, co obxecto de formular propostas, emitir informes, ou definir criterios técnicos para a resolución de solicitudes ou reclamacións concretas de pacientes.

3. O pleno da comisión reunirse en sesión ordinaria para:

- a) Resolver as reclamacións que formulen as persoas ás que o/a médico/a responsable denegase a súa solicitude de prestación de axuda para morrer.
- b) Dirimir os conflitos de intereses que poidan suscitarse segundo o previsto no artigo 14 da Lei orgánica 3/2021, do 24 de marzo, de regulación da eutanasia.
- c) Resolver as solicitudes pendentes de verificación e elevadas ao pleno por existir disparidade de criterios entre os membros designados que impida a formulación dun informe favorable ou desfavorable, así como para verificarse a prestación de axuda para morre se realizou de acordo cos procedementos previstos na lei.
- d) Resolver as reclamacións ás que se refire o apartado 3 do artigo 10 da citada lei orgánica 3/2021, sen que poidan participar na resolución das mesmas os membros designados inicialmente para verificar o cumprimento dos requisitos da solicitude.

As sesións extraordinarias serán convocadas pola persoa que exerza a presidencia, a iniciativa propia ou por proposta da maioría simple dos membros do pleno.

4. De conformidade co artigo 17.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, agás que no resulte posible, as convocatorias serán remitidas ás persoas que formen parte da comisións a través de medios electrónicos e farase constar nelas a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible, as condicións nas que se vai celebrar a sesión, o sistema de conexión e, no seu caso, os lugares nos que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.
5. O pleno quedará constituído en primeira convocatoria coa presenza da maioría absoluta dos seus membros. De non acadarse este quórum, o pleno poderá constituírse en segunda convocatoria, media hora máis tarde da primeira, coa asistencia da maioría simple des seus membros. En calquera dos dous casos é indispensable a presenza das persoas que exerzan a presidencia, ou persoas que legalmente a substitúa, e da persoa titular da secretaría da comisión.
6. Non poderán ser obxecto de deliberación nin acordo os asuntos que non figuren incluídos na orde do día correspondente á sesión, agás que, presentes todos/as os membros da comisión, acorden a declaración de urxencia do asunto co voto favorable da maioría.
7. Os acordos adoptaranse polo voto favorable da maioría dos asistentes. En caso de empate a persoa que exerza a presidencia decidirá co seu voto de calidade.
8. De cada sesión elaborárase a correspondente acta, que será asinada pola persoa titular da secretaría e contará co visto e prace da que exerza a presidencia. Na acta farase constar, como mínimo, a relación de asistentes, o lugar, a data e hora da sesión, asuntos da orde do día, principais intervencións, resultados das votacións e os acordos acadados. A acta remitirase aos membros da comisión, para os efectos da súa aprobación se procede. En todo caso, as actas poderán ser aprobadas por vía telemática, logo de ser remitidas aos/ás membros ao seu enderezo electrónico.

Doce. Uso de medios electrónicos

1. De conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, relativo ao «uso de medios electrónicos»:

- a) A Comisión poderá constituírse e adoptar acordos utilizando medios electrónicos, respectando os trámites esenciais establecidos nos artigos 17 e 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro.
- b) As convocatorias poderán efectuarse por medio de correo electrónico sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 21.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.
- c) Os membros da Comisión poderán ser validamente convocados de forma presencial nun mesmo lugar, ou de modo que a sesión se realice en varios lugares simultaneamente sempre que os medios técnicos permitan o normal desenvolvemento da sesión e o respecto dos dereitos das persoas que o conforman. As actas dos comités aprobaranse ao rematar a sesión ou na seguinte sesión; non obstante, a persoas que exerzan a secretaría poderán emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta.

Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

Así mesmo, as actas das sesións da comisión poderán ser aprobadas por vía telemática.

2. As notificacións no marco da intervención da comisión poderán facerse por medios electrónicos, de maneira que se acredite a data e a hora en que se produza a posta á disposición das persoas interesadas da notificación realizada, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación entenderase practicada para todos os efectos legais.

Segundo. Modificación do Decreto 177/2000, do 22 de xuño, polo que se regula a creación e autorización de los comités de Ética Asistencial.

Un. Modificación do artigo 6.1 do Decreto 177/2000, do 22 de xuño, polo que se regula a creación y autorización de los comités de Ética Asistencial, quedando redactado como segue:

“1. Corresponde aos Comités de Ética Asistencial asesorar e emitir informes sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica, que se produzan nas institucións sanitarias, a fin de mellorar a calidade da asistencia sanitaria, e a tal efecto:

a) Protexer os dereitos dos/as pacientes.

b) Analizar e facilitar o proceso de decisión clínica nas situacións que plantean conflitos éticos entre sus intervinientes: el personal sanitario, los pacientes o usuarios y las instituciones.

c) *Propoñer á institución protocolos de actuación para as situacións en que xurden conflitos éticos graves ou de maneira reiterada.*

d) *Colaborar na formación bioética dos/as profesionais do hospital e atención primaria e, moi en particular, na dos/as membros do comité.*

e) *Elaborar a memoria anual de actividades do comité.*

f) *Asesorar e emitir informes sobre as cuestións éticas relacionadas coa práctica clínica que se produzan nos centros e institucións sanitarias, a fin de garantir os dereitos das persoas enfermas terminais, así como os dereitos e deberes das e dos profesionais que as atendan, de acordo co establecido na súa respectiva lexislación específica. Neste sentido, poderán asesorar e propoñer alternativas ou solucións éticas naquelas decisións clínicas controvertidas, no caso de discrepancia entre as e os profesionais sanitarios e as persoas enfermas terminais ou, no seu caso, con aquelas persoas que exerciten os seus dereitos, ou entre estas e as institucións sanitarias, en relación coa atención sanitaria prestada a ditas persoas enfermas terminais, que non se resolvesen mediante acordo entre as partes.*

Disposición derogatoria. Derogación normativa.

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan ao previsto no presente decreto.

Disposición derradeira primeira . Desenvolvemento normativo

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de sanidade para adoptar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación deste decreto, no que respecta á organización e materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Julio García Comesaña

Conselleiro de Sanidade